



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RELATIVO Á CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERENCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE ZAS", A ADXUDICAR MEDIANTE O PROCEDEMENTO ABERTO CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, CON TRAMITACIÓN ORDINARIA E DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA.

1. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO

En cumprimento do establecido no art. 109.4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante TRLCSP), o procedemento aberto xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias que recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permiten a utilización de calquera outro tipo de procedemento (art. 138.2 TRLCSP).

A valoración de diferentes criterios para a adxudicación do presente contrato vén imposta no art. 150.3 g) TRLCSP.

2. OBXECTO, ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

2.1. Obxecto

O presente Prego ten por obxecto a contratación do Servizo de Recollida, transporte e transferencia de Residuos Sólidos urbanos no Concello de Zas, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria e valorando varios criterios de adxudicación, nos termos establecidos no Prego de Prescricións Técnicas e no presente Prego.

Códigos:

Categoría Anexo II do TRLCSP: 16. Servizos de rede de sumidoiros e eliminación de desperdicios: servizos de saneamento e servizos similares

Núm. Ref CPC: 94

Código CPC: 94000

Código CPV: 90511100-3

CNAE: 3811. Recollida de Residuos Non perigosos



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

2.2. Órgano de contratación

O órgano competente para realizar esta contratación e tramitar o expediente, de acordo coa disposición adicional segunda do TRLCSP, de 14 de novembro, será o Alcalde.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar á súa resolución e determinar os efectos desta, de conformidade coa normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2.3. Réxime xurídico

O presente contrato configúrase coma de servizos, de conformidade co establecido no art. 10 do TRLCSP e está suxeito a regulación harmonizada por superar os límites establecidos na Directiva 2014/24/UE.

O contrato ten carácter administrativo e rexerase ,no non establecido neste prego, por:

Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

Lei 10/2008 de Residuos de Galicia.

Lei 11/1997 de Envases e Residuos de Envases.

Real Decreto 106/2008, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.

Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Real Decreto 833/1988, polo que se aproba, o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos.

Decreto 174/2005, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e xestores de Residuos de Galicia.

Decreto 59/2009, polo que se regula a trazabilidade dos residuos.

Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos (vide Decisión 2014/955/UE da Comisión do 18 de decembro de 2014).



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

Da mesma forma será aplicable o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e as disposicións complementarias, a lexislación de contratos que, en desenvolvemento da lexislación básica sexa promulgada pola Comunidade Autónoma, polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGLCAP), aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro, en todo aquilo que non contradiga a lexislación anterior, polo Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e polas demais normas de dereito administrativo que sexan de aplicación e, por último e en defecto destas, polas normas aplicables de dereito privado.

O descoñecemento do contrato en calquera dos os seus termos, dos documentos anexos ao mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao empresario da obrigaón do seu cumprimento.

3. PRAZO DE DURACIÓN DO CONTRATO

3.1. Prazo de execución

O prazo de duración do contrato será de dous anos, a contar desde o día seguintes á formalización do mesmo. O contrato finalizará no prazo de dous anos desde a formalización, sen prexuízo das posibles prórrogas.

3.2. Prórroga.

O contrato poderá ser obxecto de prórrogas ata un máximo de 2 anos, debendo prorrogarse expresamente por mutuo acordo das partes.

A entidade que resulte adxudicataria estará obrigada a comunicar ao Concello de Zas, cunha antelación mínima de tres meses, con respecto á data de finalización do contrato, a súa conformidade ou non coa prórroga do contrato.

Finalizado o período máximo da posible vixencia do contrato, para a continuidade do servizo acudirase a un novo procedemento de contratación.

A entidade adxudicataria do contrato comprométese a seguir prestando o servizo unha vez cumprido o contrato ou resolto, previo requirimento expreso por parte da Administración, en idénticas condicións, durante o tempo indispensable para que esta poida asegurar a continuidade



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

na prestación do servizo. No caso de executarse o contrato durante a duración máxima da mesma, incluídas as prórrogas, o devandito contrato deberá ter un límite máximo de 5 meses.

4. RÉXIME ECONÓMICO DO CONTRATO

4.1. Tipo de licitación

O orzamento base de licitación, para os dous anos de duración do contrato, sobre o que os licitadores presentarán oferta á baixa será a cantidade de 163.690,54 euros máis o IVE (10%) 16.369,05 o que fai un total de 180.059,59 euros.

As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en ningún caso o orzamento base de licitación.

Neste orzamento, enténdense engadidos calquera dos tributos ou gastos que poidan gravar o obxecto da licitación.

4.2 O Valor estimado global do contrato é 327.381,08

4.3. Existencia de crédito

Neste exercicio existe crédito adecuado e suficiente para o que resta da presente anualidade, na partida 162.1.227.00

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual e de conformidade co disposto no art. 174 TRLRHL e art. 79 e seguintes do Decreto 500/90, os gastos imputaranse a cada un dos exercicios a que se estenda a duración do contrato, quedando en consecuencia en posteriores exercicios o gasto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes presupostos.

4.4. Revisión de prezos

De conformidade co disposto no Real Decreto 55/2017, polo que se desenvolve a lei 2/2015, do 30 de marzo de desindexación da economía española, dadas as características da prestación obxecto do contrato cunha estrutura de custos baseados maioritariamente nos gastos de persoal e a moderada extensión da duración do contrato, resulta aconsellable declarar a improcedencia da revisión de prezos do concurso.

4.5. Gastos de publicidade

Os gastos que orixine a publicación do anuncio da presente licitación nos Diarios Oficiais e outros serán por conta do adxudicatario do contrato, ata un importe máximo de 1.000,00 €.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

En virtude do art. 6 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (BOP nº. 241, de 22/11/2012), o adxudicatario deberá pagar un 0,5% do prezo de adxudicación pola formalización do contrato administrativo.

Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista

4.6. Pago do prezo do contrato

O contratista terá dereito ao aboamento do servizo realizado. O pago do prezo será satisfeito ao contratista, a meses vencidos, mediante transferencia bancaria en doce mensualidades do mesmo importes con cargo aos créditos previstos no orzamento municipal, previa presentación das correspondentes facturas dos servizos efectivamente realizados, e unha vez fose conformada a mesma polo responsable do servizo, no prazo máximo previsto no art. 216 TRLCSP, computándose o prazo a partir da súa entrada no Punto de Entrada de Facturas Electrónicas. Se as facturas contivesen defectos que debesen ser emendados no devandito prazo empezará a contarse desde a presentación das facturas corrixidas.

En calquera suposto, o devengo e pago da mesma está condicionada á prestación efectiva do servizo, de tal maneira que a paralización da prestación do servizo, por calquera causa non imputable directamente ao concello, implicará o desconto automático prorrateado correspondente da mesma.

O adxudicatario estará obrigado a presentar factura electrónica á través da plataforma FACe, no prazo de 30 días ,tal e como establece a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

IDENTIFICACIÓN DA DESTINATARIO

ENTIDADE LOCAL: Concello de Zas

ORGANO DECISORIO/XESTOR.

CONCELLO DE ZAS. CÓDIGO O1150933

IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE.

CONCELLO DE ZAS. CÓDIGO O1150933

IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA

CONCELLO DE ZAS. CÓDIGO O1150933

CÓDIGO DE EXPEDENTE

CSA 012017



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

O contratista non poderá percibir ningún tipo de ingreso, sexa en forma de prezo, taxa, tarifa, ou calquera outro directamente do usuario, por razón da prestación do servizo.

En caso de baixa, esta prorratearase durante a totalidade da duración do contrato, en cada unha das mensualidades. En caso de prórroga, os prezos manteranse inalterables.

5. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica (cláusula 14.2.d).F).

Para poder tomar parte na licitación ademais:

* Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

* As persoas xurídicas deberán acreditar que a súa finalidade ou actividade, recollida nos seus estatutos ou regras fundacionais que lles sexan propias, ten relación directa co obxecto do contrato.

Igualmente, dada a natureza do presente contrato e de conformidade coa lexislación sectorial, esixirase do empresario que estea inscrito no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia como transportista profesional de residuos urbanos nos seguintes epígrafes de acordo co obxecto do contrato:

20 03 01 Mesturas de residuos municipais. Segundo o LER (lista europea de residuos).

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.

De acordo co disposto no artigo 11.3 II do RGLCSP o licitador, poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación ou mediante cumprimento dos requisitos específicos de solvencia establecidos neste prego.

Clasificación:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

-Grupo 5, subgrupo 5 á categoría A ou superior, obtida segundo a redacción orixinal do RD 1098/2011.)

-Grupo R, subgrupo 5 Recollida e transporte de residuos, categoría 1 ou superior (de conformidade coa Disposición Transitoria 3ª do RD 773/2015, entenderase equivalente)

7. UNIÓN TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 14.2 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ao disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF da Unión Temporal, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

II.- ADXUDICACIÓN.

8. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria e valoraranse varios criterios de adxudicación.

9. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

Para participar no concurso o licitador deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello (sito na Praza do Campo s/n, 15850, Zas) ou por correo, dentro do prazo de 40 días naturais desde o envío do anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea, data que se indicará nos anuncios remitidos ao B.O.P así como no perfil do contratante a documentación que se indica máis adiante.

O horario do rexistro do concello será de 9.00 a 14.00 de luns a venres (hábiles). Se último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981751142), ou correo electrónico (correo@concellodezas.org) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

En todo caso o órgano de contratación non esperará pola recepción da documentación de correos máis de dez días.

Non se admitirá outra forma de presentación máis que as indicadas.

10. PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

10.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación". (Documentación simplificada)

De conformidade co establecido no artigo 146.4. do TRLCSP os licitadores presentarán Declaración Responsable segundo o modelo que se establece no Anexo I.

10.2.Sobre B: Subtitulado " Criterios avaliados mediante a aplicación de formulas.

Conterá a proposición formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego.

10.2.1. Oferta económica: ata 80 puntos

Se aplicará a fórmula elaborada pola facultade de matemáticas mediante programa informático facilitado pola Deputación Provincial da Coruña na súa páxina web. (<http://www.dicoruna.es/valoracion>)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

10.2.2. Maior número de lavado de colectores ao ANO: ata 10 puntos

Para os efectos de valoración, o licitador que oferte maior número de limpeza sobre o mínimo establecido nos pregos, conseguirá a máxima puntuación e o resto das ofertas puntuaranse de forma proporcional.

10.2.3. Maior número de recollidas de plásticos agrícolas ao ANO: ata 10 puntos

Para os efectos de valoración, o licitador que oferte maior número de recollidas sobre o mínimo establecido nos pregos, conseguirá a máxima puntuación e o resto das ofertas puntuaranse de forma proporcional.

11. DOCUMENTOS: ORIXINAIS E COPIAS.

Os documentos que se acompañen ás proposicións terán que ser orixinais. Con todo, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

12. GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no art. 103 do TRLCSP os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

13. PROCEDIMENTO.

13.1. Mesa de contratación: A composición da Mesa é a seguinte:

Presidente: o alcalde

Secretario: Susana Otero Pazos, funcionaria do Concello.

Suplente 1: D. Óscar Duro Pazos.

Suplente 2: dona María Angélica Pose Lema.

Vogal 1: dona Laura Rodríguez Arranz, interventora do concello, ou interventor accidental

Vogal 2: don Fernando Garrido Muíño, arquitecto técnico do concello.

Suplente: doa Angélica Pose Lema.

Vogal 3: dona María Garrote López, secretaria do concello, ou secretario accidental

Os acordos da Mesa, as convocatorias, as comunicacións (etc) faranse mediante publicación no perfil do contratante: www.zasdixital.eu

13.2. Apertura do sobre A.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

A mesa procederá á cualificación da documentación en sesión non pública. Se se observasen defectos emendables comunicarao unicamente no perfil do contratante dando un prazo máximo de tres días para emendar.

13.3. Apertura de plicas

A apertura de plicas desenvolverase en sesión pública previo anuncio no perfil do contratante (www.zasdixital.eu)

A mesa fará a proposta de adxudicación elevándoa ao órgano de contratación. A proposta da Mesa non crea ningún dereito a favor do adxudicatario proposto.

13.4. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

13.4.1. De conformidade co disposto no art. 152.2 do TRLCSP, a Mesa de contratación poderá apreciar que a proposición dunha empresa non poderá ser cumprida, cando a súa oferta económica sexa considerada desproporcionada ou temeraria .

13.4.2 Considerarase, en principio, como desproporcionada o anormal, as ofertas que se atopen nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%
- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%
- Número de Ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dicha media. Con todo, excluírase para el cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% da mesma. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67.
- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% de dita media. Con todo, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% da mesma, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

13.4.3. A Mesa notificará esta circunstancia aos licitadores para que dentro do prazo de dous días **naturais** xustifiquen as súas ofertas, acompañando a documentación xustificativa.

A xustificación realizada polos licitadores remitirase aos Servizos Técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

13.5. Rexeitamento de proposicións.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola mesa, en resolución motivada.

13.6. Criterios de desempate.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP.

Se varias empresas licitadoras das que empataran en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

No caso de que continúe o empate terá preferencia na adxudicación a que tivese maior puntuación no criterio de adxudicación que teña o maior peso.

Se persiste o empate resolverase por sorteo.

13.7. Renuncia:

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración, de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: a) durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, etc. faculta á Corporación a que proceda para incautar a garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á administración contratante e demais consecuencias establecidas no TRLCSP.

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o devandito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e perdas.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores:

No caso de que a administración non acordase a adxudicación no prazo de 8 días, contados desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161 do TRLCSP. Non obstante o prazo indicado no presente apartado ampliarase en 15 días hábiles cando sexa necesario seguir os trámites aos que se refire o art. 152.3.

14. ADXUDICACIÓN

14.1. Clasificación das proposicións.

A Mesa de Contratación propoñeralle ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presente a oferta máis vantaxosa.

14.2. Unha vez formulada a proposta de adxudicación, o órgano de Contratación requirirá ao licitador (a través do perfil) que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (co Estado e Comunidade Autónoma) e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Acreditación da inscrición no Rexistro Xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia como transportista profesional de residuos urbanos nos epígrafes de acordo co obxecto do contrato:

20 03 01 Mesturas de residuos municipais. Segundo o LER (lista europea de residuos)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

c) **Garantía definitiva:** O documento acreditativo de constitución da garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que estean en situación de mora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pago de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar, en consecuencia, descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola administración.

d) E deberá presentar, así mesmo, a seguinte documentación de conformidade co disposto no artigo 146.4 do TRLCSP:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario e da capacidade para contratar.

A-1) Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa, e alta no IAE no epígrafe correspondente

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia do cartón de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A-4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidad: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de orixe da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidad en relación coas empresas de estados signatarios do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todos os incidentes que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TRLCSP)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse polo Secretario do Concello de Zas.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ao seguinte modelo:

D/Dª..... con DNI..... e domicilio en provincia de..... rúa
nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de servizo _____ - (Título)
.....

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TRLCSP

(Lugar, data e firma do proponente)

F) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

F.1) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica a continuación:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

GRUPO: R SUBGRUPO: 5 CATEGORÍA: 1

F.2.) Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia económica e financeira (F.2.1) e a técnica e profesional (F.2.2.):

F.2.1. Económica e financeira :

Acreditarase mediante a xustificación do volume anual de negocios. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.

Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano.

F.2.2. E a solvencia técnica

Acreditarase mediante a relación dos servizos do mesmo tipo ou natureza executadas no curso do últimos dez últimos anos, acompañada de certificados de boa execución.

Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

G) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

H) Empresas inscritas nun rexistro oficial de contratistas e empresas clasificadas:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

Os licitadores que acrediten a personalidade e capacidade, representación e clasificación ou solvencia mediante un certificado dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas, ou mediante un certificado comunitario de clasificación, deberán presentar a correspondente certificación expedida polo rexistro competente.

A estes efectos, considerácese vixente a declaración responsable presentada polo licitador no sobre A, segundo o modelo do anexo I, na que se manifesta, no seu caso, que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

Estes certificados servirán para a acreditación dos extremos regulados pola normativa vixente (capacidade, etc)

I) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D/D^a.....con residencia provincia de rúa nº... segundo DNI nº.... en nome propio ou da empresa á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo (Título):.....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación estímeo oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

J) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

TODA A DOCUMENTACIÓN SERÁ ORIXINAL Ou COPIA COTEXADA.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

14.3 De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.a, 61 e 61 bis do TRLCSP

14.4 O órgano de Contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

14.5 A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Con carácter previo á formalización o licitador deberá achegar:

- 1..Escritura de constitución da UTE, de ser o caso.
2. Xustificante do aboamento dos gastos de publicación
3. Xustificante de pago da taxa de formalización do contrato,
- 4.Certificado do seguro de responsabilidade civil (póliza e xustificante de pago).

O contrato formalizarase en documento administrativo, non antes dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, na forma prevista no art. 151.4 do TRLCSP, constituíndo devandito documento, título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contido dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares revestirá carácter contractual, polo que deberán asinarse no mesmo acto da formalización do contrato.

En caso de discrepancia entre o prego de cláusulas administrativas e o prego técnico, prevalecerá o primeiro.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública, cando así o solicite o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

16. FORMA DE EXECUCIÓN

16.1 O contratista está obrigado a:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

- * Prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.
- * Proceder á recollida e transporte dos residuos obxecto deste contrato, de acordo co disposto na normativa sectorial, estatal e autonómica na materia así como o prego de prescricións técnicas, sen que poida mesturalos de forma indiferenciada con residuos procedentes doutros produtores aos que o contratista preste os seus servizos. Unha vez recollidos os residuos obxecto deste contrato, o contratista deberá cumprir escrupulosamente a lexislación sectorial acerca da súa xestión, eximindo ao concello de calquera sanción ou indemnización derivada da mesma.
- * Proceder á limpeza e desinfección dos colectores adscritos ao servizo de conformidade co previsto no prego de prescricións técnicas.
- * Indemnizar os danos que se causen a terceiros, así como ao propio concello consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido como consecuencia do cumprimento dunha orde directa da Administración. A estes efectos deberá concertar un seguro de responsabilidade civil nos termos sinalados no presente prego. O contratista comprométese a manter a póliza de seguro nas condicións descritas ata a finalización do período de garantía establecido neste prego.
- * Indemnizar ao concello polo importe das sancións impostas a este, tanto de forma directa como de forma solidaria ou subsidiaria co propio contratista, por outras administracións como consecuencia das operacións que sexan obxecto deste contrato, excepto cando deriven do cumprimento dunha orde directa da Administración ou cando o contratista advertise previamente por escrito ao concello do incumprimento da normativa que dese lugar á imposición das sancións.
- * Cumprir as ordes e instrucións do concello sobre o funcionamento do servizo e informar do funcionamento do servizo de acordo co presente prego.
- * Cumprir as disposicións legais e convenios colectivos en materia laboral, as de Seguridade Social e as de seguridade e saúde no traballo, eximindo expresamente á corporación municipal de calquera responsabilidade por incumprimento das citadas normas e de calquera outra infracción de carácter laboral en que incorra o contratista.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

* Tramitar ao seu cargo todas as licenzas, autorizacións e permisos que esixa o cumprimento do contrato.

* Designar un representante, o cal deberá estar localizable por teléfono móbil en todo momento, que será o único interlocutor entre a empresa e o Concello e velará pola correcta execución das prestacións obxecto deste contrato e que porque os traballadores non realicen outras tarefas diferentes ás contratadas.

* Calquera outras que se deriven do presente prego, do de prescricións técnicas así como da normativa sectorial na materia.

* Achegar para a realización do obxecto do contrato os medios materiais e persoais que sexan precisos para a boa execución do servizo. A estes efectos o contratista deberá dispoñer dos medios precisos para prestar o servizo en todo momento, sen que poida interromperse por avaría de camións, permisos, licenzas etc do persoal etc.

* Facilitar o labor de inspección por parte do Concello de Zas.

* Informar, en calquera momento e a petición do Concello de Zas, sobre a evolución da situación do Servizo.

* A manter a lpersoal preciso para a execución do contrato, que dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empleadora respecto daquel.

No caso de que sexa preciso incrementar o persoal para a execución do presente contrato, ben sexa para substituír a traballadores en caso de incapacidade temporal, vacacións, permisos ou calquera outro motivo, devandito persoal tampouco terá vinculación algunha co concello.

A Administración contratante será allea ás relacións entre o persoal e a entidade adxudicataria. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar dereito ningún en relación coa Administración contratante nin esixirle a esta responsabilidades de calquera clase como consecuencia dos deberes existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no caso de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte baséense no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

En ningún caso o outorgamento do contrato supoñerá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o persoal do contratista que presta o servizo.

A extinción do contrato non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal de Concello de Zas.

* A retribución idónea do persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, indemnizacións por despedimento etc en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facture polo servizo.

* O cumprimento, respecto do persoal destinado ao servizo, da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se atope vixente en cada momento.

No caso de accidentes ou prexuízo de calquera índole aos as traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen en ningún modo á administración contratante.

* O cumprimento do disposto nas normas vixentes en caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ao persoal con ocasión do exercicio de seu labor, baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo á Administración contratante.

* A impartición de ordes, criterios de realización do traballo e directrices ao persoal, así como a vixilancia do horario de traballo, as posibles licenzas, permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

* A cobertura, en todo momento, dos postos de traballo e das correspondentes funcións ofertadas para a contratación. En consecuencia, a entidade contratista efectuará ao seu cargo e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que asignase á prestación do servizo, sexa cal for a súa causa, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

* A calidade técnica (titulación, categoría, formación e aptitude profesional) do persoal asignado ao contrato, sendo ao seu cargo a formación e promoción precisa para asegurar un bo servizo.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

* O mantemento da porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade, durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato, a condición de que resultase preferente na adjudicación do contrato pa aplicación da cláusula 13.6 (igualdade entre licitadores)

* O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

* A empresa adjudicataria terá o DEBER DE SUBROGACIÓN DO PERSOAL RELACIONADO NO ANEXO II do prego de prescricións técnicas.

* Obrigación de subscribir unha póliza de seguros nos seguintes termos:

O adjudicatario será responsable de todos os danos e prexuízos ou accidentes de toda natureza que sexan causados a terceiros polo seu persoal ou como consecuencia dos traballos obxecto do contrato. Esta responsabilidade non finalizará ata que se cumpra totalmente o prazo de duración do contrato.

A efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adjudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo:

Certificado do seguro de responsabilidade civil cos seguintes límites globais e coberturas:

INTERES ASEGURADO	SUMA POR SINISTRO	SUMA POR ANUALIDADE	LÍMITE POR VÍTIMA
Explotación	300.000,00 €	300.000,00 €	150.000,00 €
Subsidiaria	300.000,00 €	300.000,00 €	150.000,00 €
Patronal	300.000,00 €	300.000,00 €	150.000,00 €
Cruzada	300.000,00 €	300.000,00 €	150.000,00 €

A xustificación das pólizas subscribas e do pago das primas deberá realizarse con carácter previo á formalización do contrato e cada vez que se renoven as pólizas.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

16.2. Obrigacións esenciais:

Serán obrigacións esenciais:

- * as relacionadas como infraccións moi graves
- * dispoñer en todo momento dos medios materiais (camións etc) e persoais para a prestación do servizo.

A estes efectos, no caso de que os camións cedidos en uso polo Concello sexan inservibles, ben temporalmente (avarías etc), ben definitivamente (sinistro etc) o adxudicatario deberá adscribir os vehículos e medios suficientes para prestar o servizo nos termos establecidos no prego.

16.2 Serán dereitos do adxudicatario os seguintes:

- * Percibir as retribucións económicas previstas no presente prego como consecuencia da prestación do servizo
- * Obter a colaboración precisa do concello para o normal desenvolvemento do obxecto do contrato.

17. RESPONSABILIDADE. DANOS.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

Será por conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza que sexan ocasionados as terceiras persoas. Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía .

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración, será esta responsable dentro dos límites establecidos na lei.

A cantidade en que se concreten tales danos será inmediatamente esixida pola vía de apremio administrativa.

18. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

18.1. O órgano de contratación ten a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, acordar a a súa resolución e determinar os efectos desta.

18.2. O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato, con suxeición ao disposto nos art.201 e 219TRLCSP



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

18.3 Sancionar ao contratista de acordo co presente prego cando non cumprise as obrigacións dimanantes do presente contrato ou a normativa en vigor.

18.4. Resarcirse dos danos e perdas ocasionados á administración polo contratista de acordo co presente prego.

18.5. No caso da suspensión total ou parcial da prestación do servizo sen autorización previa do concello que ocasione graves danos ao funcionamento operativo dos servizos ou á salubridade pública, o concello poderá contratar á conta do adxudicatario os servizos obxecto deste contrato cun terceiro ou realizalo con medios propios, repercutindo o custo correspondente ao contratista. Dita potestade será exercitable ademais no caso de folgas ilegais ou con infracción dos servizos mínimos fixados, aínda cando existise autorización previa do concello para a suspensión da execución do contrato.

19. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO DE SERVIZO .

19.1. Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes do contrato sen obter previamente a autorización do órgano competente da administración, cos requisitos e condicións establecidos no art 226.TRLCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais a contar desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar á resolución do contrato.

19.2. Na presente contratación non será posible a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal.

20. MODIFICACIÓN

A modificación deste contrato estará suxeita ao disposto no art. 219 do TRLCSP así como polo disposto no título V do Libro 1 (art. 105 a 108) do TRLCSP.

O número de referencia de colectores descrito no PPT poderá incrementarse ao longo do período de vixencia do contrato. Durante a vixencia do contrato o incremento de colectores non comportará unha modificación do prezo de adxudicación, ata un máximo do 20% dous colectores para a recollida.

V. TERMINACIÓN.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

21. CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

21.1. O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do obxecto, de conformidade co establecido nos pregos.

21.2. Se os servizos non están en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución.

22. CUMPRIMENTO DEFECTUOSO Ou INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN OBXECTO DO CONTRATO.

22.1. As infraccións que cometa o adxudicatario na execución do contrato clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Para a cualificación dun incumprimento terase en conta o prexuízo causado aos servizos prestados.

22.2. Incumprimentos leves

- a) A falta de respecto ao público ou os usuarios, así como aos inspectores ou axentes da autoridade do Concello.
- b) A omisión da obrigaçión de comunicar situacións contrarias ao bo funcionamento do servizo.
- c) O descoido puntual na limpeza dos colectores.
- d) O incumprimento puntual das rutas de recollida.
- e) O mantemento puntual das infraestruturas e materiais en mal estado.
- f) A incomparecencia inxustificada do responsable empresarial do servizo ante o Concello para informar do funcionamento do servizo e das súas posibles incidencias.
- g) Non facilitar ao Concello, a información necesaria para coñecer o funcionamento do servizo ou cambios no seu funcionamento.
- h) Incurrir nalgunhas das condutas sinaladas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia que son tipificadas como infraccións leves, cando teñan relación co obxecto deste contrato.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

- i) A imposición ao contratista dalgunha das sancións previstas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia por infracción leve pola administración autonómica ou estatal competente cando se determinase a responsabilidade solidaria ou subsidiaria do concello.
- j) En xeral toda infracción non recollida como infracción grave ou moi grave, das obrigacións do contratista recollidas no presente contrato.

22.3. Incumprimentos graves

- a) Non cumprir as obrigacións contractuais de prestación do servizo fixadas no presente prego e no de prescricións técnicas e a propia oferta do adxudicatario con prexuízo grave do concello ou usuarios do servizo.
- b) A grave falta de desconsideración ao público ou os usuarios, así como aos inspectores ou axentes da autoridade do Concello.
- c) Paralizacións da prestación do servizo total ou parcial por un período non superior a un día, sen causa xustificada.
- d) Desempeñar a actividade sen os permisos e dispositivos de seguridade obrigatorios legalmente.
- e) A falta de contratación e mantemento dos seguros requiridos polo presente prego, ou atoparse en situación de falta de pagamento das primas debidas por eles.
- f) Reiteración por segunda vez da mesma infracción leve nun prazo de seis meses.
- g) O incumprimento de instrucións e ordes escritas do Concello relativas ao cumprimento adecuado de obrigacións do contratista.
- h) Incurrir nalgunhas das condutas sinaladas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia que son tipificadas como infraccións graves, cando teñan relación co obxecto deste contrato.
- i) A imposición ao contratista dalgunha das sancións previstas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia por infracción grave pola administración autonómica ou estatal competente cando se determinase a responsabilidade solidaria ou subsidiaria do concello.

22.4 Considéranse faltas moi graves:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

- a) Paralización da prestación do servizo total ou parcial por tempo superior a un día sen causa xustificada.
- b) Causar danos aos colectores e a calquera outro material ou instalación adscrita ao servizo concorrendo dolo ou grave negligencia.
- c) O falseamiento ou ocultación dos datos de control e recollida entregados ao concello.
- d) Ceder ou traspasar as obrigacións e dereitos derivados deste contrato sen autorización do concello.
- e) Non cumprir a lexislación vixente laboral, de seguridade social, tributaria, de prevención de riscos laborais, sanitaria ou a sectorial sobre a materia en prexuízo grave dos traballadores, do concello ou dos usuarios.
- f) A mestura de residuos recollidos en orixe en colectores ou recipientes separados de tal maneira que se dificulte ou imposibilite a súa correcta valoración ou reciclaxe.
- g) O transporte conxunto e indiferenciado dos residuos do concello cos doutros produtores de residuos aos que o contratista preste os seus servizos.
- h) Non atender as indemnizacións que correspondan por danos e perdas a terceiros ou ao concello.
- i) Incurrir nalgunhas das condutas sinaladas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia que son tipificadas como infraccións moi graves, cando teñan relación co obxecto deste contrato.
- J) A imposición ao contratista dalgunha das sancións previstas na lei 22/2011 de residuos e na lei 10/2008 de residuos de Galicia por infracción moi grave pola administración autonómica ou estatal cando se determinase a responsabilidade solidaria ou subsidiaria do concello.
- K) Reiteración por segunda vez da mesma infracción grave nun prazo de seis meses.

23. SANCIÓN

23.1 As infraccións cometidas polo contratista sancionaranse da seguinte maneira:

- a) Infraccións leves: Apercibimento por escrito.
- b) Infraccións graves: Multa de 600 a 6.000 euros.
- c) Infraccións moi graves:



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

* Multa de 6.001 a 60.000 euros.

* En casos de reiteración, grave perturbación do servizo, intencionalidade ou negligencia grave, a resolución do contrato.

23.2 En todo caso a imposición de sancións será compatible coa indemnización de danos e perdas ao concello ou a terceiros.

23.3 O importe derivado das presentes sancións terá natureza de débeda de dereito público e poderá ser esixido o seu pago polo procedemento de apremio previsto no Regulamento xeral de Recadación, podendo ser compensado o seu importe automaticamente do importe a satisfacer ao contratista.

23.4 Procedemento sancionador

Para a imposición das correspondentes sancións, instruírase o correspondente expediente, que se axustará ás normas xerais reguladoras do procedemento sancionador, no que se dará sempre audiencia aos interesados.

Con todo no caso de sancións por faltas leves, estas poderán acordarse por parte da Alcaldía sen máis trámite que a audiencia ao contratista.

No caso de que se propuxese como sanción a resolución do contrato seguirase o procedemento establecido na lexislación de contratación administrativa aplicable.

A efectos da imposición e gradación de sancións, a Alcaldía resolverá atendendo ás seguintes circunstancias:

- a) Intencionalidade.
- b) A perturbación que poida producir no funcionamento normal da Administración e do servizo.
- c) Os danos e perdas que poidan implicar para os cidadáns, traballadores ou usuarios dos servizos.
- d) Reincidencia na comisión das faltas.
- e) En xeral, a transcendencia para a salubridade pública.

24. PENALIZACIÓNS AUTOMÁTICAS POR INCUMPRIMENTO DE PARÁMETROS DE CALIDADE DO SERVIZO



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

Ademais das sancións previstas nos artigos anteriores, estableceranse penalizacións automáticas polo incumprimento dos parámetros de calidade de servizo comprometido para as que non se esixirá a concorrencia dunha conduta culposa ou dolosa do contratista, non procedendo a súa imposición unicamente no caso de que devanditos incumprimentos derívense de causas imputables directamente ao concello ou de forza maior, entendendo por tales as previstas no art. 231.2 TRLCSP. Estas penalizacións serán compatibles coa indemnización de danos e prexuízos ao concello así como coas sancións previstas na cláusula anterior este prego.

O importe acumulado non poderá superar en conxunto o 10 % do orzamento de licitación deste contrato.

As ditas penalizacións faranse efectivas mediante o desconto nas facturas correspondentes aos distintos meses de vixencia do contrato resultante deste concurso, tendo en conta que se nalgún dos meses a cantidade para abonar polo adxudicatario por mor destas penalizacións fose superior ao importe da factura correspondente a esa mensuralidade, esta penalización liquidaríase en meses sucesivos:

Establécese unha penalización dun 2 % do prezo de adxudicación total anual do contrato, IVE excluído, por cada día de suspensión total ou parcial da prestación do servizo.

23. RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de supoñer de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos arts.223 e 308 do TRLCSP, dando lugar para os efectos previstos nos art.225 e 309 TRLCSP.

Outras causas que poden motivar a resolución do contrato, de conformidade co sinalado non artigo 223.h) do TRLCSP, son:

- * A comisión de infraccións graves ou moi graves, de conformidade co sinalado na cláusula 22 deste prego.
- * A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa Administración.
- * A non reposición ou ampliación da garantía no caso de facerse efectivas sobre ela penalidades ou indemnizacións, de conformidade co sinalado neste prego.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

* Incumprimento do mantemento de porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade, durante o tempo que dure a execución da prestación obxecto do contrato, a condición de que resultase preferente na adxudicación do contrato.

Á extinción do contrato de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da administración contratante (art 301TRLCSP)

24. PRAZO DE GARANTÍA

De acordo co art. 222TRLCSP, e dado que a correcta execución dos servizos que constitúen o obxecto do contrato é constatable no mesmo momento da súa execución, non se establece un prazo de garantía.

Concluída a vixencia do contrato, e cumpridas as obrigacións derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades a executar sobre a garantía definitiva, ditarase acordo de devolución ou cancelación desta.

Zas, 15 de setembro de 2017.

O Alcalde,



Asdo. Manuel Muño Espasandín



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a.....
con residencia(domicilio a efectos de notificacións)
provincia derúa nº con NIF nº
en nome propio ou en nome e representación da empresacon NIF e
domicilio en..... provincia de..... rúa..... nº.....teléfono
.....á que representa no procedemento de licitación do contrato de SERVICIO DE
RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRANSFERNCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE
ZAS

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

* Que a empresa cumpre coas condicións establecidas legalmente no Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP) para contratar co Concello de Zas, ostentando plena capacidade xurídica e de obrar.

* Que ao persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á empresa nese procedemento de contratación.

* Que a empresa conta coa solvencia (ou no seu caso clasificación) esixida para este contrato e que se especifica neste prego.

*Que a empresa está inscrita no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de residuos de Galicia.

* Que no caso de que a súa oferta resulte a as miñas vantaxosa, presentará previamente á adxudicación do contrato, os documentos que se sinalan nos pregos.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

* Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes atópanse incursos en ningún suposto dos que constan no artigo 60 do TRLCSP.

* Que non forma parte dos órganos de goberno ou de Administración da entidade ningún alto cargo dos referidos na Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeneral, nos termos establecidos nela.

* Que nin o asinante da declaración nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior

* Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios coa Facenda estatal e autonómica, impostos polas disposicións vixentes e, non ten pendente de pago ningunha débeda en período executivo co Concello de Zas.

* Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes de Seguridade Social impostos polas disposicións vixentes.

* Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento dos deberes de alta e pago ou exención do imposto de actividades económicas impostos polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.

* Que a entidade se compromete a subrogar o persoal sinalado en prego de prescricións técnicas.

* Que a entidade se atopa inscrita no Rexistro de Licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (núm.)



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

Rexistro xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm.)

Os datos desta empresa anotados no Rexistro:

Non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e correspóndense co certificado do rexistro.

Sufriron variación nos aspectos que a continuación se indican, segundo acredítase mediante os documentos que se xuntan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido da certificación do rexistro.

* No caso de unión temporal de empresas deberán indicar, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, dirección, teléfono e fax de contacto.

* De ser o caso, que a empresa cumpre co art. 42 do R.D. Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba ou texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas discapacitadas e da súa inclusión social.

AUTORIZO ao órgano de contratación a obter os datos que consten en poder da Administración, que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico:

Lugar e data e firma.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CSA012017

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a.....con
residencia(domicilio a efectos de notificacións) provincia
derúa nº con NIF nº en nome
propio ou en nome e representación da empresacon NIF e domicilio
en..... provincia de..... rúa..... nº.....teléfonoá
que representa no procedemento de licitación do contrato de SERVIZO DE RECOLLIDA,
TRANSPORTE E TRANSFERNCIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE ZAS

E A CUXOS EFECTOS FAI CONSTAR:

1. Que coñece e acepta cantas obrigacións derívense dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares do presente contrato, así como do prego de prescricións técnicas.

2. Que fai constar que na presente licitación (indíquese o que proceda):

a) ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación _____

CIF _____

3. Que presenta a seguinte oferta:

3.1. Oferta económica.

A) Prezo sen IVE..... Euros).

B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) %..... Importe..... euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

3.2 Ofrece _____ lavados de colectores ao Ano A MAIORES dos obrigatorios.

3.3. Ofrece _____ recollidas de plásticos agrícolas ao Ano A MAIORES dos obrigatorios.

Lugar e data e firma.